

ANEXO I

Programa que rexerá as probas selectivas para o acceso ao corpo auxiliar da Administración da Xunta de Galicia (subgrupo C2).

Lexislación:

1. Constitución española, do 27 de decembro de 1978.
2. Lei orgánica 1/1981, do 6 de abril, do Estatuto de autonomía de Galicia.
3. Lei 3/1983, do 15 de xuño, de normalización lingüística: títulos I e II.
4. Lei 1/1983, do 22 de febreiro, da Xunta e a súa Presidencia.
5. Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común: títulos I a X.
6. Lei 50/1997, do 27 de novembro, de organización, competencia e funcionamento do Goberno: títulos I a V.
7. Lei 6/1997, do 14 de abril, de organización e funcionamento da Administración xeral do Estado: título I.
8. Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público: títulos preliminar e títulos I e II do libro I.
9. Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto básico do empregado público: títulos I a VII.
10. Decreto legislativo 1/2008, do 13 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei da función pública de Galicia: títulos I a V.
11. IV Convenio colectivo único para o persoal laboral da Xunta de Galicia (capítulos I ao VIII).
12. Lei 2/2007, do 28 de marzo, do traballo en igualdade das mulleres de Galicia: títulos preliminar a IV.
13. Lei 7/2004, do 16 de xullo, galega para a igualdade de mulleres e homes: títulos preliminar e II.

Temas específicos:

1. Atención ao público: acollida e información ao cidadán. Os servizos de información administrativa. Información xeral e particular ao cidadán. Iniciativas. Reclamacións. Queixas. Peticións.
2. A documentación administrativa. A súa natureza e a súa función. Descrición dos documentos administrativos máis habituais: instancia, certificado, anuncio, informe, resolución, comunicación e notificación. O rexistro de entrada e saída de documentos. Requisitos na presentación de documentos. O arquivo: clases.
3. Informática básica: conceptos fundamentais sobre o hardware e o software. Sistemas de almacenamento de datos. Sistemas operativos. Nocións básicas de seguranza informática.
4. Administración electrónica e servizos ao cidadán. Servizos telemáticos. O SXPA. Os rexistros administrativos da Xunta de Galicia.

ANEXO II

D./Dna..., con domicilio en..., con DNI/pasaporte..., declara baixo xuramento ou promete, para efectos de ser nomeado funcionario do corpo auxiliar da Xunta de Galicia, subgrupo C2, que non se atopa inhabilitado ou en situación equivalente nin foi sometido a sanción disciplinaria ou equivalente que impida, no Estado de ..., nos mesmos termos, o acceso ao emprego público.

En (país e localidade)..., ... de... de 2008.

Orde do 4 de xullo de 2008 pola que se convoca proceso selectivo para o ingreso na agrupación profesional de persoal subalterno da Xunta de Galicia.

De conformidade co establecido no Decreto 88/2008, do 30 de abril, polo que se aproba a oferta de emprego público correspondente a prazas de persoal funcionario e laboral da Administración da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2008, esta consellería, no uso das competencias que lle atribúe o Decreto legislativo 1/2008, do 13 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei da función pública de Galicia,

DISPÓN:

Convocar proceso selectivo para o ingreso na agrupación profesional de persoal subalterno da Xunta de Galicia con suxeición ás seguintes:

Bases da convocatoria:

I. Normas xerais.

I.1. O obxecto do proceso selectivo será a cobertura de cento cinco (105) prazas da agrupación profesional prevista na disposición adicional quinta da Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto básico do empregado público, polo sistema de acceso libre, polo procedemento de oposición.

Esta agrupación profesional, de conformidade coa disposición transitoria terceira da Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto básico do empregado público, é equivalente ao anterior grupo E.

I.1.1. De conformidade coa disposición adicional sétima do decreto legislativo 1/2008, do 13 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei de función pública de Galicia, e co Decreto 88/2008, do 30 de abril, polo que se aproba a oferta de emprego público correspondente a prazas de persoal funcionario e laboral da Administración da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2008, do total de prazas do sistema de acceso libre reservaranse oito (8) para seren cubertas por persoas con discapacidade cun grao de minusvalidez igual ou superior ao 33%.

No suposto de que as prazas cubertas por persoas con discapacidade acaden a taxa do 3% das prazas convocadas, as prazas non cubertas pasarán a integrarse ás restantes prazas de acceso xeral.

No suposto de que as ditas prazas cubertas non acadasen a taxa do 3% das prazas convocadas, as prazas non cubertas acumularanse á cota do 7% da oferta seguinte, cun límite máximo do 12%.

Así mesmo, no suposto de que algún aspirante con minusvalidez que se presentase pola cota de reserva de discapacitados superase os exercicios correspondentes, pero non obtivese praza, e a súa puntuación sexa superior á obtida por outros aspirantes do sistema de acceso xeral, será incluído pola súa orde de puntuación no sistema de acceso xeral.

I.1.2. Ao presente proceso selectivo seralle aplicable o Decreto legislativo 1/2008, do 13 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei de función pública de Galicia, a Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto básico do empregado público, e demais normas concordantes, así como o disposto nesta convocatoria.

I.2. Requisitos dos candidatos.

Para seren admitidos á realización das probas selectivas os aspirantes deberán posuír no día de finalización do prazo de presentación de solicitudes e manter ata o momento da toma de posesión como funcionario os seguintes requisitos:

I.2.1. Nacionalidade:

a) Ter a nacionalidade española.

b) Ser nacional dalgún dos estados membros da Unión Europea ou nacional dalgún Estado en que, en virtude dos tratados internacionais celebrados pola Unión Europea e ratificados por España, sexa de aplicación a libre circulación de traballadores.

c) Tamén poderán participar, calquera que sexa a súa nacionalidade, o cónxuxe dos españois e dos nacionais doutros estados membros da Unión Europea e o dos nacionais dalgún Estado ao cal, en virtude dos tratados internacionais celebrados pola Unión Europea e ratificados por España, sexa de aplicación a libre circulación de traballadores, sempre que non estean separados de dereito. Así mesmo, coas mesmas condicións poderán participar os seus descendentes e os do seu cónxuxe sempre que non estean separados de dereito, sexan menores de vinte e un anos ou maiores da dita idade dependentes.

I.2.2. Idade: ter cumpridos dezaseis anos e non exceder a idade máxima de xubilación forzosa.

I.2.3. Capacidade funcional: non padecer enfermidade nin estar afectado por limitación física ou psíquica incompatible co desempeño das correspondentes funcións.

I.2.4. Habilitación: non ter sido separado mediante expediente disciplinario do servizo de calquera

das administracións públicas ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das comunidades autónomas, nin encontrarse en inhabilitación absoluta ou especial para empregos ou cargos públicos por resolución xudicial.

No suposto de ser nacional doutro Estado, non encontrarse inhabilitado ou en situación equivalente nin ter sido sometido a sanción disciplinaria ou equivalente que impida, no seu Estado, nos mesmos termos o acceso ao emprego público.

I.2.5. Ademais dos requisitos anteriores, os aspirantes que se presenten pola cota de reserva de discapacitados terán que ter recoñecida a condición legal de persoa con discapacidade cun grao de minusvalidez igual ou superior ao 33 por cento.

I.3. Solicitudes.

Os que desexen tomar parte no proceso selectivo deberán facelo constar mediante unha solicitude e aboar os dereitos de exame de acordo co procedemento que se sinala nos seguintes parágrafos no prazo de vinte días naturais, contados a partir do seguinte ao da publicación desta convocatoria no *Diario Oficial de Galicia*.

En relación aos dereitos de exame, a Lei 6/2003, do 9 de decembro, de taxas, prezos e exaccións reguladoras da Comunidade Autónoma de Galicia exige como requisito necesario para participar no proceso selectivo o aboamento en tal concepto do importe da taxa que estea vixente no momento de presentación da solicitude.

1) Formalización da solicitude:

O modelo de solicitude estará á disposición de todos/as os que desexen participar no proceso na páxina web da Xunta de Galicia (www.xunta.es), premendo a icona «empregarse procesos de ingreso», en dúas modalidades, segundo se dispoña ou non de certificado dixital da FNMT (Fábrica Nacional da Moeda e Timbre) ou DNI electrónico.

Despois de premer a modalidade de solicitude elixida, os/as solicitantes deberán consignar todos os datos que aparecen na pantalla e posteriormente validalos e confirmalos.

Os/as aspirantes cun grao de minusvalidez igual ou superior ao 33%, a que se refire a base I.2.6, deberán indicalo expresamente na solicitude, especificando claramente o tanto por cento de discapacidade recoñecido polo órgano competente, e poderán solicitar as posibles adaptacións de tempo e/ou medios para a realización dos exercicios en que esta adaptación sexa necesaria, todo isto conforme o contido na Lei 13/1982, do 7 de abril, e no Decreto 88/2008, do 30 de abril, polo que se aproba a oferta de emprego público correspondente a prazas de persoal funcionario e laboral da Administración da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2008.

2) Formalización do pagamento das taxas:

Unha vez confirmada a alta da solicitude, o/a solicitante, segundo estea ou non nos supostos previstos, deberá seguir os seguintes pasos:

* Exento de pagamento: de acordo co sinalado no artigo 23.5º da Lei 6/2003, do 9 de decembro, de taxas, prezos e exaccións reguladoras da Comunidade Autónoma de Galicia, estarán exentos do pagamento as persoas con minusvalidez igual ou superior ao 33%, e as persoas que sexan membros de familias numerosas clasificadas na categoría especial (no caso de membros de categoría xeral terán unha bonificación do 50%).

Unha vez elixida esta opción o/a solicitante poderá imprimir desde ese momento a solicitude cuberta e deberá presentar antes do remate do prazo fixado orixinal ou copia debidamente cotexada do documento que xustifique a exención do pagamento nas oficinas do rexistro da Xunta de Galicia, oficinas de correos e demais lugares previstos no artigo 38 da Lei de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

Neste suposto, considerarase como data válida de presentación a da confirmación da solicitude realizada de acordo co disposto anteriormente, condicionada en todo caso á presentación dentro do mesmo prazo da documentación sinalada para acreditar a exención do pagamento.

* Non exento de pagamento: o/a solicitante poderá realizar o pagamento dun dos seguintes xeitos:

Sen certificado dixital.

-Imprimindo o documento de pagamento, seleccionando esta opción na pantalla, e realizando o ingreso do importe da taxa que figura nela en calquera das entidades financeiras colaboradoras autorizadas para a recadación de taxas e prezos na Comunidade Autónoma de Galicia, onde se lle facilitará un exemplar selado como xustificante.

-Introducindo os datos da tarxeta de crédito ou débito na opción de pagamento telemático, obtendo nese momento o xustificante correspondente.

Con certificado dixital:

Podrá realizar o pagamento con cargo á conta do titular do certificado desde a opción de pagamento telemático, obtendo nese momento o xustificante correspondente.

En ambos os casos, considerarase como data válida de presentación da solicitude a da realización da operación de ingreso da taxa, sen que sexa necesario presentar ningún dos documentos xerados nos lugares previstos no artigo 38 da Lei de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

O importe aboado en concepto de dereitos de exame devolveráselles, logo dos trámites correspondentes, só aos/ás solicitantes excluídos que o soliciten

no prazo dun mes contado a partir do día seguinte ao da publicación no *Diario Oficial de Galicia* da resolución definitiva da Dirección Xeral da Función Pública a que fai referencia o punto terceiro da base I.4.2.

O estado das solicitudes poderá ser consultado en calquera momento polos/as solicitantes seguindo as instrucións iniciais (páxina web da Xunta de Galicia (www.xunta.es), icona «empregarse procesos de ingreso») seleccionando a opción de consulta na pantalla.

Para calquera aclaración ou información sobre os procedementos anteriores, os/as solicitantes poderán poñerse en contacto telefónico co centro informático CIXTEC no número 981 54 13 00, das 08.30 ás 20.00 horas de luns a venres e os sábados das 10.00 ás 14.00.

I.4. Admisión de aspirantes.

I.4.1. Expirado o prazo de presentación de instancias, o/a titular da Dirección Xeral da Función Pública ditará resolución, que se publicará no *Diario Oficial de Galicia*, así como oportunamente nos lugares determinados pola normativa vixente. Nesta resolución declararanse aprobadas as listaxes provisionais de admitidos e excluídos, así como as causas da súa exclusión e indícarase o lugar en que se encontrarán expostas. Nestas listaxes deberán constar, en todo caso, os apelidos, o nome e o número de documento nacional de identidade. Estas listaxes aparecerán na páxina web da Xunta de Galicia (www.xunta.es).

I.4.2. Os aspirantes excluídos disporán dun prazo de dez días, contados a partir do seguinte ao da publicación da resolución, para poderen emendar, de ser o caso, o defecto que motivou a exclusión.

Para tal efecto, a estimación ou desestimación das ditas peticións de correccións entenderanse implícitas na resolución pola que se publique a listaxe definitiva de admitidos e excluídos.

Unha vez transcorrido o dito prazo, a Dirección Xeral da Función Pública ditará resolución definitiva, contra a cal se poderá interpoñer recurso potestativo de reposición ante esta consellería no prazo dun mes contado desde o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*, de conformidade co establecido na Lei 30/1992, do 26 de novembro, ou poderase interpoñer directamente recurso contencioso-administrativo ante a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia no prazo de dous meses contados desde a mesma data, de conformidade co disposto no artigo 8.2º da Lei 29/1998, do 13 de xullo, en relación co artigo 10.1º do mesmo texto legal.

O feito de figuraren na relación de admitidos non prexulga que se lles recoñeza aos interesados a posesión dos requisitos exixidos no procedemento que se convoca. Cando da documentación que debe presentarse, no caso de superaren o proceso selecti-

vo, se desprenda que non posúen algún dos requisitos, os interesados decaerán en todos os dereitos que puideren derivar da súa participación no procedemento.

II. Proceso selectivo.

II.1. Fase de oposición.

O programa que rexerá as probas selectivas é o que figura como anexo I desta convocatoria.

II.1.1. Exercicios.

II.1.1.1. Primeiro exercicio, de carácter eliminatorio, consistirá en contestar por escrito un cuestionario de corenta (40) preguntas tipo test, máis tres (3) de reserva, con catro (4) respostas alternativas propostas polo tribunal, das cales só unha será a correcta, correspondentes aos textos de dereito positivo recollidos no anexo I-A desta convocatoria. En todo caso, o número de preguntas gardará a debida proporción co número de normas relacionados no dito anexo

O tempo máximo de duración deste exercicio será de sesenta (60) minutos.

De conformidade co disposto no artigo 35 do Decreto lexislativo 1/2008, do 13 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei da función pública de Galicia, este exercicio deberá realizarse exclusivamente en lingua galega.

Cada opositor poderá obter copia do exercicio realizado ao seu remate. No prazo das vinte e catro horas seguintes ao da celebración, farase público no lugar de realización do exercicio o modelo do test, indicando as respostas correctas. Esta información estará dispoñible na páxina web da Xunta de Galicia.

Este exercicio cualificarase de 0 a 30 puntos, sendo necesario para superalo, obter un mínimo de 15 puntos, correspondéndolle ao tribunal determinar o número de respostas correctas exixido para acadar a puntuación mínima. Para isto terase en conta que por cada tres respostas incorrectas se descontará unha correcta.

As puntuacións publicaranse, en todo caso, no lugar onde se realizou o exercicio, no taboleiro de anuncios do Servizo de Información e Atención ao Cidadán da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, e na páxina web da Xunta de Galicia (www.xunta.es) unha vez rematada a corrección da totalidade dos exercicios, dándose un prazo de dez días para efectos de alegacións.

Este exercicio celebrarase no prazo máximo de corenta días desde a constitución do tribunal que xulgue as probas.

II.1.1.2 Segundo exercicio, de carácter eliminatorio, estará dirixido a apreciar as aptitudes dos aspirantes en relación coas prazas convocadas e consistirá en contestar por escrito un cuestionario de vinte (20) preguntas prácticas tipo test, máis tres (3) de

reserva, con catro (4) respostas alternativas propostas polo tribunal, das cales só unha será a correcta, correspondentes aos temas recollidos no anexo I-B desta convocatoria. En todo caso, o número de preguntas gardará a debida proporción co número de temas relacionados no dito anexo.

O tempo máximo de duración deste exercicio será de corenta (40) minutos.

Cada opositor poderá obter copia do exercicio realizado ao seu remate. No prazo das vinte e catro horas seguintes ao da celebración, farase público no lugar de realización do exercicio o modelo do test, indicando as respostas correctas. Esta información estará dispoñible na páxina web da Xunta de Galicia.

Este exercicio cualificarase de 0 a 10 puntos, sendo necesario para superalo, obter un mínimo de 5 puntos, correspondéndolle ao tribunal determinar o número de respostas correctas exixido para acadar a puntuación mínima. Para iso terase en conta que por cada tres respostas incorrectas se descontará unha correcta.

As puntuacións publicaranse, en todo caso, no lugar onde se realizou o exercicio, no taboleiro de anuncios do Servizo de Información e Atención ao Cidadán da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, e na páxina web da Xunta de Galicia (www.xunta.es) unha vez rematada a corrección da totalidade dos exercicios, dándose un prazo de dez días para efectos de alegacións.

Unha vez publicadas as puntuacións deste exercicio, abrirase un prazo de dez días hábiles para que os aspirantes que superen este exercicio, presenten o documento xustificativo (orixinal ou fotocopia debidamente compulsada) de estaren en posesión do Celga 2 ou equivalente debidamente homologado polo órgano competente en materia de política lingüística da Xunta de Galicia, de acordo coa disposición adicional segunda da Orde do 16 de xullo de 2007, pola que se regulan os certificados oficiais acreditativos dos niveis de coñecemento da lingua galega (publicada no DOG nº 146, do 30 de xullo de 2007), para os efectos da exención prevista no segundo exercicio. Esta documentación presentárase nas oficinas de rexistro da Xunta de Galicia, oficinas de correos e demais lugares previstos no artigo 38 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

Por cuestións organizativas, os dous primeiros exercicios da fase de oposición realizaranse nunha única proba. A data de realización desta proba non será anterior ao 1 de novembro de 2008.

II.1.1.3. Terceiro exercicio, de carácter eliminatorio:

Constará de dúas probas:

Primeira proba: consistirá na tradución dun texto do castelán para o galego elixido por sorteo de entre dous textos propostos polo tribunal.

Segunda proba: consistirá na tradución dun texto do galego para o castelán elixido por sorteo de entre dous textos propostos polo tribunal.

O tempo máximo para a realización do exercicio será dunha hora.

Este exercicio valorarase como apto ou non apto e será necesario para superalo obter o resultado de apto, correspondéndolle ao tribunal determinar o nivel de coñecementos exixido para acadar o resultado de apto.

As puntuacións publicaranse, en todo caso, no lugar onde se realizou o exercicio, no taboleiro de anuncios do Servizo de Información e Atención ao Cidadán da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, e na páxina web da Xunta de Galicia (www.xunta.es), unha vez rematada a corrección da totalidade dos exercicios, dándose un prazo de dez días para efectos de alegacións.

Este exercicio celebrarase nun prazo mínimo de 48 horas desde o remate do exercicio anterior e máximo de 40 días.

Estarán exentos da realización do terceiro exercicio os aspirantes que acrediten posuír no día de finalización do prazo de presentación de solicitudes o Celga 2, ou equivalente debidamente homologado polo órgano competente en materia de política lingüística da Xunta de Galicia, de acordo coa disposición adicional segunda da Orde do 16 de xullo de 2007, pola que se regulan os certificados oficiais acreditativos dos niveis de coñecemento da lingua galega, publicada no DOG nº 146, do 30 de xullo de 2007.

II.1.2. Os aspirantes deberán presentarse para a realización de cada exercicio provistos de DNI ou documento fidedigno acreditativo da súa identidade, a xuízo do tribunal. Así mesmo, deberán presentarse provistos do correspondente lapis do nº 2 e goma de borrar para a realización dos exercicios tipo test.

II.1.3. Os exercicios celebraranse a porta pechada sen outra asistencia que a dos opositores, membros do tribunal e os colaboradores designados por este.

II.1.4. Desenvolvemento dos exercicios:

II.1.4.1. A orde de actuación dos/as opositores/as iniciarase alfabeticamente polo primeiro da letra «V», de conformidade co establecido na resolución da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza do 28 de xaneiro de 2008, pola que se publica o resultado do sorteo realizado segundo o disposto na resolución da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza do 17 de xaneiro de 2008 (DOG nº 16, de 23 de xaneiro), ao tratarse dunha convocatoria correspondente ao ano 2008.

II.1.4.2. En calquera momento os aspirantes poderán ser requiridos polo tribunal correspondente coa finalidade de acreditar a súa personalidade.

II.1.4.3. Os aspirantes serán convocados para cada exercicio en único chamamento, sendo excluído da oposición quen non compareza.

Non obstante o anterior, as mulleres embarazadas que prevexan a coincidencia do parto coas datas de realización de calquera dos exercicios polas circunstancias derivadas do seu avanzado estado de xestación, ou eventualmente nos primeiros días do puerperio, poderán poñelo en coñecemento do tribunal, xuntando á comunicación o correspondente informe médico oficial. A comunicación deberá realizarse como mínimo 48 horas despois do anuncio da data do exame e levará consigo o consentimento da interesada para permitir o acceso do tribunal ou do órgano convocante aos datos médicos necesarios relacionados coa súa situación.

O tribunal decidirá en cada caso, con base na información de que dispoña, se procede ou non realizar a proba nun lugar alternativo ou ben un aprazamento da proba, ou ben ambas as medidas conxuntamente. Non se admitirá recurso respecto das decisións do tribunal neste punto, sen prexuízo de que as razóns da impugnación se inclúan en calquera outro recurso admisible de acordo coas regras xerais do proceso selectivo.

II.1.4.4. O anuncio de realización dos exercicios publicarase no *Diario Oficial de Galicia*, no taboleiro de anuncios do Servizo de Información e Atención ao Cidadán da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza e na páxina web da Xunta de Galicia (www.xunta.es), con corenta e oito horas, polo menos, de anticipación á sinalada para a súa iniciación.

II.1.4.5. En calquera momento do proceso selectivo, se o tribunal tiver coñecemento ou dúbidas fundadas de que algún aspirante non cumpre algún dos requisitos exixidos pola convocatoria, comunicarlle isto á Dirección Xeral da Función Pública, para os efectos de que esta lle requira os documentos acreditativos do seu cumprimento.

No caso de que o/a opositor/a non acredite o cumprimento dos requisitos, a Dirección Xeral da Función Pública ditará proposta da súa exclusión do proceso selectivo, e o órgano competente ditará a resolución correspondente. Contra a resolución do dito órgano poderán interporse os recursos administrativos ou reclamacións que procedan.

II.1.4.6. Se o tribunal, de oficio ou con base nas reclamacións que os interesados poidan presentar nos tres días hábiles seguintes á realización do exercicio, anular algunha ou algunhas das preguntas incluídas nun exercicio, anunciarao publicamente no *Diario Oficial de Galicia*.

Contra tal acordo poderá interpoñerse recurso de alzada conforme o previsto no artigo 114 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

II.2. A orde de prelación dos/das aspirantes que superen o proceso selectivo efectuarase de acordo coa suma das puntuacións obtidas nos exercicios da fase de oposición, non podendo superar o proceso selectivo un número superior ao de prazas convocadas.

Non obstante o anterior, sempre que o tribunal propuxera o nomeamento de igual número de aspirantes que o de prazas convocadas, e co fin de asegurar a cobertura destas, cando se produzan renuncias dos aspirantes seleccionados, antes do seu nomeamento ou toma de posesión, o órgano convocante poderá requirir do órgano de selección relación complementaria dos aspirantes que sigan aos propostos, para o seu posible nomeamento como funcionarios de carreira.

III. Tribunais.

III.1. Os tribunais cualificadores do proceso serán designados por orde da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, e a súa composición será a determinada polo previsto no artigo 7 do Regulamento de selección de persoal da Administración da Comunidade Autónoma de Galicia, tendo en conta o previsto polo artigo 36 da Lei 7/2004, do 16 de xullo, galega para a igualdade de mulleres e homes.

III.2. Ademais dos tribunais que se designen na orde da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, poderán nomearse máis tribunais para xulgar o proceso, por proposta do tribunal número 1, cando polo número de aspirantes isto sexa necesario.

A autoridade convocante publicará no *Diario Oficial de Galicia* resolución pola que se nomean os novos tribunais, de ser o caso.

III.3. Os membros dos tribunais deberán absterse de intervir, notificándolle á Dirección Xeral da Función Pública da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, cando concorran neles circunstancias das previstas no artigo 28 da Lei de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, ou se realizen tarefas de preparación de aspirantes a probas selectivas nos cinco anos anteriores á publicación desta convocatoria e, igualmente, se colaborasen durante ese período dalgún modo con centros de preparación de opositores.

O presidente deberá solicitar dos membros do tribunal declaración expresa de non encontrarse incurso nas circunstancias previstas no citado artigo 28 da Lei de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común nin nas demais causas de abstención previstas nesta base. Esta declaración deberá ser tamén efectuada polos asesores especialistas previstos na base III.12 e polo persoal auxiliar que o tribunal incorpore aos seus traballos.

Así mesmo, os aspirantes poderán recusar os membros do tribunal cando concorran neles algunha das

circunstancias previstas nesta base, conforme o artigo 29 da Lei de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

III.4. A autoridade convocante publicará no *Diario Oficial de Galicia* resolución pola que se nomean os novos membros do tribunal, que substituirán os que perdesen a súa condición por algunha das causas previstas na base III.3.

III.5. Logo da convocatoria do presidente do tribunal número 1, constituiranse os tribunais en sesión conxunta. Tal constitución entenderase válida coa presenza da metade, polo menos, dos seus membros, con presenza en todo caso do/a presidente/a e do/a secretario/a.

A celebración da sesión de constitución terá lugar no prazo máximo de quince días a partir da publicación dos tribunais.

Na dita sesión, os tribunais, baixo a dirección e coordinación do tribunal número 1 adoptarán todas as decisións que lles correspondan para o correcto desenvolvemento das probas selectivas.

III.6. A partir da sesión de constitución, cada tribunal, para actuar validamente, requirirá a presenza da metade, polo menos, dos seus membros, con presenza en todo caso do/a presidente/a e do/a secretario/a.

III.7. O procedemento de actuación dos tribunais axustarase en todo momento ao disposto na Lei de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

III.8. No caso de que se nomeen varios tribunais, a cada tribunal corresponderalle xulgar un número determinado de aspirantes que estarán comprendidos entre as letras do abecedario correspondentes aos apelidos dos opositores que se lles asignasen.

III.9. Corresponderalle ao tribunal nomeado co número un:

-Cursar de orde do seu presidente citación ao resto dos tribunais para constituírse nun acto conxunto.

-Dar publicidade, a través dos anuncios correspondentes, ao lugar, data e hora de realización dos exercicios.

-Recibir os expedientes dos demais tribunais relativos ao transcurso das probas e respectivas propostas, e elevar a relación de aprobados ao titular da Dirección Xeral da Función Pública.

III.10. Co obxecto de acadar a necesaria coordinación entre os tribunais cualificadores, todos actuarán conxuntamente baixo a dirección do número 1, que resolverá cantas consultas, interpretacións e criterios de valoración e de unificación poidan presentar e solicitar os restantes tribunais sobre as normas da convocatoria.

Os tribunais cualificadores actuarán coordinadamente procurando a maior uniformidade nos crite-

rios valorativos dos exercicios, sen prexuízo de que funcionarán con autonomía no que se refire á selección dos aspirantes, formulando as súas propias propostas.

III.11. Por cada sesión do tribunal levantarase acta, que, lida ao principio da sesión seguinte e feitas, de ser o caso, as rectificacións que procedan, autorizarase coa sinatura do secretario e o visto e prace do presidente.

III.12. Cada tribunal poderá propoñer a incorporación aos seus traballos de asesores especialistas para as probas correspondentes aos exercicios que considere pertinente, limitándose os ditos asesores a prestaren a súa colaboración nas súas especialidades técnicas, e terán voz pero non voto. O nomeamento de tales asesores corresponderalle á Dirección Xeral da Función Pública da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza.

III.13. Os tribunais cualificadores adoptarán as medidas precisas naqueles casos en que resulte necesario, de forma que os aspirantes con discapacidades gocen de similares condicións para a realización dos exercicios ás dos restantes participantes. Neste sentido estableceranse, para as persoas con discapacidades que o soliciten na forma prevista na base I.3.1), as adaptacións posibles de tempo e/ou medios para a súa realización.

Se na súa realización se lle suscitasen dúbidas ao tribunal respecto da capacidade do aspirante para o desempeño das actividades habitualmente desenvolvidas polos funcionarios do corpo a que opta, poderá solicitar o correspondente ditame do órgano competente.

III.14. O presidente de cada tribunal adoptará as medidas oportunas para garantir que os exercicios da fase de oposición sexan corrixidos sen que se coñeza a identidade dos aspirantes, utilizando para iso os impresos adecuados.

Os tribunais excluirán aqueles candidatos en cuxos exercicios figuren marcas ou signos que permitan coñecer a identidade do opositor.

III.15. Os tribunais que actúen no proceso selectivo terán a categoría primeira das recollidas no Decreto 144/2001, do 7 de xuño.

O número máximo de sesións de cada un dos tribunais será fixado por resolución da Dirección Xeral da Función Pública, podendo só ampliarse o número delas, con base en causa xustificada, pola dita dirección xeral.

III.16. En ningún caso o tribunal poderá aprobar nin declarar que superaron o proceso selectivo un número superior de aspirantes ao de prazas convocadas. Calquera proposta de aprobados que contraveña o establecido será nula de pleno dereito.

Non obstante o anterior, sempre que o tribunal propuxer o nomeamento de igual número de aspirantes que o de prazas convocadas, e co fin de asegurar a cobertura destas, cando se produzan renuncias dos

aspirantes seleccionados, antes do seu nomeamento ou toma de posesión, o órgano convocante poderá requirir do órgano de selección relación complementaria dos aspirantes que sigan aos propostos, para o seu posible nomeamento como funcionarios de carreira.

III.17. As comunicacións que formulen os aspirantes aos tribunais dirixiranse á Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, Dirección Xeral da Función Pública (edificio administrativo San Caetano, Santiago de Compostela).

IV. Lista de aprobados, presentación de documentación e nomeamento de funcionarios.

IV.1. A cualificación do oposición virá determinada pola suma das puntuacións obtidas nos exercicios da fase de oposición.

No suposto de empate nas puntuacións de dous ou máis aspirantes, este resolverase acudindo á puntuación obtida no primeiro exercicio da fase de oposición e, se se mantén, acudindo á puntuación do segundo deles. De persistir o empate, éste resolverase pola orde alfabética a que se refire a base II.1.4.1.

Cada tribunal resolverá os empates que se produzan relativos aos aspirantes que lles correspondan. No caso de que, unha vez elevadas as distintas propostas ao tribunal número 1, se produzan novos empates, estes serán resoltos polo dito tribunal, de acordo cos criterios expresados no parágrafo anterior.

IV.2. Rematado o proceso selectivo, o tribunal nº 1 publicará no *Diario Oficial de Galicia* a relación de aspirantes que superaron o proceso selectivo, por orde de puntuacións acadadas, con indicación do seu documento nacional de identidade, e elevará a dita relación ao titular da Dirección Xeral da Función Pública para que elabore a proposta de nomeamento. Con carácter excepcional, poderase renunciar á participación no proceso selectivo ata a data en que o tribunal eleve ao titular da Dirección Xeral da Función Pública a relación de aprobados.

A partir do día seguinte ao da publicación no *Diario Oficial de Galicia* da relación de aprobados, os aspirantes disporán dun prazo de vinte días naturais para a presentación dos seguintes documentos:

A) Declaración baixo a súa responsabilidade de non ter sido separado mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das administracións públicas ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das comunidades autónomas, nin atoparse en inhabilitación absoluta ou especial para empregos ou cargos públicos por resolución xudicial.

No suposto de ser nacional doutro Estado, declaración xurada ou promesa de non estar inhabilitado ou en situación equivalente nin ter sido sometido a sanción disciplinaria ou equivalente que impida, no seu Estado, nos mesmos termos o acceso ao emprego público, segundo o modelo que figura como anexo II a esta convocatoria.

B) Certificado médico oficial en que se acrediten os aspectos sinalados na base I.2.4.

C) Os aspirantes con discapacidade cun grao de minusvalidez igual ou superior ao 33% que superen a oposición deberán, ademais, acreditar tal condición mediante certificación dos órganos competentes da Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar e, de ser o caso, da Administración correspondente.

Así mesmo, a Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza requirirá, respecto das persoas que accedan por esta cota de reserva, documento acreditativo do órgano competente sobre a compatibilidade co desempeño das correspondentes funcións

IV.3. Os que dentro do prazo fixado, salvo os casos de forza maior, non presentasen a documentación ou do exame dela se deducise que carecen dalgún dos requisitos sinalados na base I.2., non poderán ser nomeados funcionarios e quedarán anuladas as súas actuacións, sen prexuízo da responsabilidade en que incorresen por falsidade na solicitude inicial.

IV.4. Rematado o proceso selectivo, e unha vez cumpridos os requisitos exixidos con anterioridade, os que o superasen serán nomeados funcionarios de carreira mediante orde do conselleiro de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, que se publicará no *Diario Oficial de Galicia*, e na cal se indicará o destino adxudicado de acordo coa puntuación obtida nos exercicios da oposición.

IV.5. A adxudicación das prazas aos aspirantes que superen o proceso selectivo efectuarase de acordo coa puntuación sinalada na base II.2.

IV.6. A toma de posesión dos aspirantes aprobados será efectuada no prazo dun mes, contado a partir do día seguinte ao da publicación do seu nomeamento no *Diario Oficial de Galicia*, de conformidade coas disposicións previstas no Decreto legislativo 1/2008, do 13 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei de función pública de Galicia, e demais normas concordantes.

Disposición derradeira

Contra esta orde, que pon fin á vía administrativa, poderase interpoñer recurso potestativo de reposición ante esta consellería, no prazo dun mes contado desde o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*, de conformidade co establecido na Lei 30/1992, do 26 de novembro, ou poderase impugnar directamente ante a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, no prazo de dous meses, contados desde a mesma data, segundo o artigo 8.2º en conexión co artigo 10.1º da Lei 29/1998, do 13 de xullo.

Santiago de Compostela, 4 de xullo de 2008.

José Luis Méndez Romeu
Conselleiro de Presidencia, Administracións
Públicas e Xustiza

ANEXO I

Programa que rexerá as probas selectivas para o acceso á agrupación profesional de persoal subalterno prevista na disposición transitoria terceira da Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto básico do empregado público.

Anexo I-A. Lexislación.

1. Constitución española do 27 de decembro de 1978: títulos preliminar, I, III e VIII.

2. Lei orgánica 1/1981, do 6 de abril, Estatuto de autonomía de Galicia: títulos preliminar, I, III e V.

3. Lei 1/1983, do 22 de febreiro, da Xunta e da súa Presidencia: títulos I e II.

4. Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común: títulos III, IV e V.

5. Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto básico do empregado público: títulos I a III.

6. Decreto legislativo 1/2008, do 13 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei da función pública de Galicia: título V, capítulo V.

7. Lei 2/2007, do 28 de marzo, do traballo en igualdade das mulleres de Galicia: títulos preliminar e I.

8. Lei 7/2004, do 16 de xullo, galega para a igualdade de mulleres e homes: títulos preliminar e II.

Anexo I-B. Temas específicos.

1. A atención ao cidadán. Recepción e telefonía. Vixilancia e control das persoas que accedan ás dependencias administrativas. Reunións e actuacións de comunicación: preparación de locais e materiais.

2. Traballos con materiais e maquinaria de oficina. Reprografía. Destrución de documentación. Ensobramento. Etiquetaxe. Guillotinadura. Encadernación. Grampadura. Tradura. Tipos de papel.

3. A documentación administrativa. Descrición dos principais documentos: instancia, certificado, anuncio, informe, resolución, comunicación e notificación.

4. A notificación de documentos administrativos. Práctica da notificación. Correspondencia: tipos de envíos. Franqueo. Certificados. Avisos de recepción. Telegramas. Reembolsos. Xiros.

ANEXO II

D./Dna..., con domicilio en..., con DNI/pasaporte..., declara baixo xuramento ou promete, para efec-

tos de ser nomeado funcionario da agrupación profesional de persoal subalterno da Xunta de Galicia, que non se atopa inhabilitado ou en situación equivalente nin foi sometido a sanción disciplinaria ou equivalente que impida, no Estado de ..., nos mesmos termos, o acceso ao emprego público.

En (país e localidade)...., ... de... de 2008.

CONSELLERÍA DE ECONOMÍA E FACENDA

Orde do 24 de xuño de 2008 pola que se nomea recadador interino da Zona de Recadación da Coruña.

Con motivo de que en vindeiras datas se producirá a vacante de recadador titular da Zona de Recadación da Coruña e ante a necesidade de continuar a xestión recadatoria das débedas cargadas á devandita zona, por proposta da Dirección Xeral de Tributos e conforme o establecido no artigo 16 do Decreto 51/2000, do 25 de febreiro, polo que se regula a Organización Recadatoria da Xunta de Galicia e o Estatuto dos recadadores de zona,

DISPOÑO:

Primeiro.-Nomear recadador interino da Zona de Recadación da Coruña a Roberto Vázquez Feroso, recadador titular da Zona de Recadación de Lugo.

Segundo.-Esta orden producirá efectos desde o 28 de xuño de 2008.

Santiago de Compostela o 24 de xuño de 2008.

José Ramón Fernández Antonio
Conselleiro de Economía e Facenda

V. ADMINISTRACIÓN DE XUSTIZA

XULGADO DE PRIMEIRA INSTANCIA NÚMERO UN DA CORUÑA

Edicto (1135/2007-M).

Elma Monzón Cuesta, secretaria do Xulgado de Primeira Instancia número un da Coruña, dou fe e certifico que neste xulgado se seguen autos de xuízo

ordinario nº 1135/2007-M por instancia do *Banco Mais, S.A.*, representado pola procuradora Sra. Belo González contra Pablo López Ferreiro, sobre reclamación de cantidade, e contía de 11.188,37 euros, nos que con esta data se ditou a sentenza, cuxo encabezamento e resolución son do teor literal seguinte:

Sentenza.

A Coruña, seis de maio de dous mil oito.

«Vistos por mín, Marta Canales Gantes, maxistrada-xuíza do Xulgado de Primeira Instancia número un desta cidade, estes autos de xuízo ordinario, rexistrados co número 1135/2007-M, sobre reclamación de cantidade nos cales a parte demandante é a entidade *Banco Mais, S.A.*, representada pola procuradora Carmen Belo González e coa asistencia letrada de Pedro Manuel Moreira dos Santos, e parte demandada Pablo López Ferreiro, en situación procesual de rebeldía.

Resolvo:

Que, estimando integramente a demanda interposta pola entidade *Banco Mais, S.A.*, representada pola procuradora Carmen Belo González, contra Pablo López Ferreiro, en situación procesual de rebeldía, debo condenar e condeno a Pablo López Ferreiro a que lle aboe á entidade *Banco Mais, S.A.* a cantidade de once mil cento oitenta e oito euros con trinta e sete céntimos (11.188,37 €), na que se inclúen os prazos impagados, os prazos vencidos conforme o que prevé a cláusula 10ª das condicións xerais, os xuros convencionais e os gastos se comisións establecidos no contrato, máis os xuros legais que se produzan desde a presentación da demanda e ata a data en que se efectúe o pagamento.

En materia de custas, correspóndelle o seu aboamento á parte demandada.

Notifíqueseles ás partes e fágaselles saber que contra esta sentenza poderán interpoñer recurso de apelación ante a Audiencia Provincial da Coruña no prazo dos cinco días seguintes ao da súa notificación, que se preparará ante este mesmo xulgado con suxeición ao previsto nos artigos 455 e concordantes da Lei de axuízamento civil.

Así, por esta miña sentenza da cal se expedirá testemuño para a súa incorporación aos autos, pronúncioo, mándoo e asínoo.»

Marta Canales. Asinado.

Publicada no día da súa data. Elma Monzón. Asinado.

E para que conste e para a súa inserción no DOG co fin de que sirva de notificación en forma ao demandado rebelde en ignorado paradoiro, Pablo López Ferreiro, expido este edicto na Coruña, seis de maio de dous mil oito.

A secretaria
Rubricado